



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE) E ALIAD-ULTREIA PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROXECTO DE ATENCIÓN DE EMERXENCIA A VÍTIMAS DE TRATA DE SERES HUMANOS E/OU DE EXPLOTACIÓN SEXUAL, DERIVADA DO ESTADO DE ALARMA SANITARIA POR COVID 19, NO MARCO DO PACTO DE ESTADO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

(1) A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, é o órgano da Administración autonómica que ten entre as súas competencias impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes, así como á eliminación da violencia de xénero

Que o artigo 3 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo, considera como unha forma de violencia de xénero a trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual e o artigo 47.1 establece que os centros e servizos que conforman os recursos de asistencia integral ás mulleres que sofren violencia de xénero teñen como finalidade básica achegarlles axuda e asistencia directa ás mulleres e ás persoas delas dependentes, e apoialas na procura de solucións dos conflitos que derivan da violencia..

(2) Antecedentes:.

A medida 194 do Informe da Subcomisión para un Pacto de Estado en materia de violencia de xénero recolle a necesidade de reforzar a persecución de oficio do delito de trata, e poñer en marcha servizos e programas de protección social e recuperación Integral das persoas que foran explotadas. Pola súa banda o Informe da Ponencia do Senado de Estudo para a elaboración de estratexias contra a violencia de xénero recolle medidas dirixidas a vítimas de trata (157 a 170), concretamente a medida 158 recolle a necesidade de traballar coas Comunidades Autónomas para mellorar o acceso á prevención, protección, atención integral e recuperación das vítimas de trata, e a medida 170 recolle a necesidade de reforzar a persecución de oficio do delito e poñer en marcha servizos e programas de protección social e recuperación integral das mulleres e nenas que foron explotadas.





(3) **Finalidade** Para os efectos sinalados, con data 13 de maio de 2020 formalizouse coa entidade Aliad-Ultreia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2020.

(4) O obxecto deste convenio é establecer as bases reguladoras e as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, e a antedita entidade, para o desenvolvemento dun proxecto de atención de emerxencia a ás vítimas de trata de seres humanos e/ou de explotación sexual, no marco do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero.

(5) O instrumento convencional asinado fundaméntase no seguinte:

O estado de alarma sanitaria declarado en España o 14 de marzo de 2020 provocou unha situación de especial vulnerabilidade para as mulleres vítimas de trata de seres humanos e de explotación sexual, emerxendo situacións de absoluta desprotección. O estado de perigo que viven estas mulleres agravouse dado que en ocasións o confinamento lles impide comunicarse e se atopan con maiores dificultades para o acceso ao sistema sanitario dado que moitas están en situación irregular.

En Galicia existe a Rede galega contra a Trata, entidade integrada por ONGs que traballan para dar a coñecer o delito da trata de Persoas en Galicia, un fenómeno oculto e invisibilizado aínda na nosa comunidade, á vez que colabora na identificación das súas vítimas. O seu labor levou á Rede galega contra a Trata, a ser galardoada no ano 2015 coa Medalla Castelao, coa que a Administración autonómica distingue a persoas ou entidades merecedoras do recoñecemento do seu pobo en calquera faceta da actividade

Aliad-Ultreia é unha das entidades que integra a Rede galega contra a Trata, e que se atopa avalada pola experiencia contrastada de moitos anos de traballo con mulleres vítimas de trata de seres humanos e/ou con fins de explotación sexual.

A finalidade este proxecto é dar un apoio de emerxencia ás vítimas de trata de seres humanos e/ou de explotación sexual, para cubrir necesidades básicas e puntuais de aloxamento, alimentación, hixiénico-sanitarias, de transporte e telecomunicación, nos casos de urxente desamparo, e sempre que quede suficientemente acreditada a dita necesidade, a través de axudas económicas de emerxencia.





Noveno.

Que a concesión directa da subvención a través deste convenio se efectuará ao abeiro dos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, na que se prevé a posibilidade de excepcionar do réxime ordinario de concorrência competitiva en base ao carácter singular das subvencións e razóns de interese público, social e humanitario, cal é o caso no que o interese prioritario é poder dar unha atención de emerxencia ás vítimas de trata de seres humanos e/ou de explotación sexual, a través das entidades que forman parte da Rede galega contra a trata, todas elas cunha ampla experiencia no trato coas vítimas desta lacra social..

(6) Aplicación orzamentaria: 05.11.313D.481.2

Contía total: 5.000 €

(7) Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación do texto refundido da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

A secretaria xeral da Igualdade

Susana López de Abella

